

INSTRUCCIÓN XERENCIAL POLA QUE SE ESTABLECE O PROCEDIMENTO A SEGUIR NAS CONVOCATORIAS DE BOLSAS

A concesión de bolsas en concorrencia, que outorga a Universidade de Vigo aos membros da súa comunidade, deberá atender o procedemento descrito a continuación adecuado á normativa xeral existente e ditado mediante instrución da Xerencia, de acordo coas competencias recollidas no artigo 74 dos Estatutos da universidade de Vigo

APROBACIÓN

Antes de realizar a convocatoria pública, que será aprobada polo órgano competente ou quen dispoña dunha delegación expresa e individualizada para cada acto, de acordo coa resolución de delegación de competencias de 24 de xuño de 2010 ditada polo Reitor, é necesario que exista un control de legalidade previo á aprobación.

PRINCIPIOS XERAIS

As convocatorias de bolsas en réxime de concorrencia competitiva, deberán cumprir cos principios xerais de publicidade, concorrencia, transparencia, obxectividade, seguridade xurídica, garantía, eficiencia na asignación dos fondos públicos, igualdade e non discriminación.

BASES

O contido das bases da convocatoria, deberá definir como mínimo os seguintes aspectos:

- Obxecto, finalidade e duración da bolsa.
- Requisitos e obrigas que deberán cumprir os beneficiarios.
- Prazo, forma e documentos que deberán achegarse coa presentación das solicitudes.
- Procedemento de concesión.
- Criterios obxectivos de valoración e forma de ponderación.

- Identificación do órgano de adxudicación.
- Número de bolsas que se conceden e importe individualizado da bolsa.
- Aplicación orzamentaria á que se imputa, coa contía máxima do crédito dispoñible.
- Prazo e forma de realizar os pagos.
- Compatibilidade e incompatibilidade con outras bolsas.
- Lugar de publicación, ou modo de notificación, das convocatorias e das resolucións.
- Evitarase toda referencia a horario, custe/hora, etc, ou calquera aspecto similar a un contrato de traballo.

PROCEDIMENTO ORZAMENTARIO ECONÓMICO

O procedemento de inicio realizarase polo servizo competente que o promova. Coas bases da convocatoria deberá achegarse o documento RC individual de exercicio corrente ou plurianual, de ser o caso, polo importe correspondente, para proceder a súa conformidade de fiscalización como acto administrativo de contido económico que realiza o servizo de Control Interno.

Coa aprobación polo órgano competente e posterior publicación, disporase do documento contable "A", que será remitido ao servizo de Control Interno para a súa fiscalización.

A proposta de resolución provisional deberá publicarse ou notificarse aos interesados na forma que se establecera na convocatoria, concedéndose un prazo de 10 días para achegar alegacións.

Examinadas as alegacións, formularase a proposta de resolución definitiva, dispoñéndose no expediente, para a súa fiscalización, o documento contable "D". Tamén se tramitarán os outros documentos contables que fosen necesarios para a correcta execución do gasto.

O pago realizarase mediante transferencia bancaria. De xeito excepcional, e debidamente autorizado, poderá facerse o pago por talón nominativo.

CONSIDERACIÓNS XERAIS

A partir do 31 de outubro de cada exercicio non se poderán iniciar expedientes de convocatorias de bolsas con cargo a partidas orzamentarias de exercicio corrente.

Vigo, 21 de febreiro de 2011

O XERENTE



Manuel Fernández Jauregui

**SRES/AS XEFES/AS DE SERVIZO
SRES/AS ADMINISTRADORES/AS DE CENTROS/ÁMBITO/CAMPUS**